

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 16 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso específico de méritos para a provisión, polo sistema de concurso específico, dun posto de traballo vacante na Fiscalía de Área de Vigo.

Visto o que dispoñen as bases da Resolución do 27 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, dun posto de traballo vacante na Fiscalía de Área de Vigo, así como o artigo 49 e seguintes do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, e unha vez que a Comisión de Valoración elevou proposta definitiva de valoración de méritos, así como proposta definitiva de adxudicación do posto ofertado no concurso, e que se acreditou a observancia do procedemento debido e se valoraron os méritos das persoas candidatas, en uso das competencias que me atribúe a normativa vixente

RESOLVO:**Primeiro**

Aprobar a proposta definitiva de valoración de méritos efectuada pola Comisión de Valoración do concurso específico.

Segundo

Resolver o concurso específico e adxudicar o posto de coordinador/a da Oficina de Fiscalía I da Fiscalía de Área de Vigo a:

– Susana Losada Méndez.

Terceiro

Publicar esta resolución no *Boletín Oficial del Estado* e mais no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria.

CVE-DOG: boj1bw0-q5c0-inc1-8zf2-y11yveulul8



Cuarto

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de localidade, ou de oito días se implica cambio de localidade dentro da Comunidade Autónoma.

O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cese, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que a dita publicación non se faga de forma simultánea en ambos, terase en conta a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben poderá ser impugnada directamente, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, todo isto de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2024

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: boj1bw0-q5c0-inc1-8zf2-y11yveuuul8

